

DOMINGO 22 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Xer 20, 7-9

A palabra do Señor volveuse para min un escarnio

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Señor, seducíchesme e deixeime seducir;
collíchesme e puideches comigo.
Sirvo a cotío de burla;
a destrución é o meu pan.
Sempre que falo, teño que proclamar: ¡Desastre!;
teño que clamar: ¡Destrucción!
A palabra do Señor volveuse para min un escarnio, unha burla continua.
Se digo: "Non me vou acordar máis del,
non falarei máis no seu Nome",
entón a súa palabra vólvese coma un lume abrasador no meu corazón,
un lume prendido nos meus ósos;
fago forza por apagalo, pero non son capaz.

SALMO RESPONSORIAL Sal 62, 2. 3-4. 5-6. 8-9

R/ (2b): De ti ten sede a miña alma, Señor, meu Deus

Deus, meu Deus, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma;
por ti devece o meu corpo,
en terra reseca, sedento e sen auga.

Miro cara a ti no santuario,
para ver o teu poder e a túa gloria.
O teu amor é mellor que vida,
louvante os meus labios;

toda a miña vida te bendigo
e levanto no teu nome as miñas mans.
Como de graxa e manteiga, estou satisfeito,
con labios alegres lóvate a miña boca.

Ti es o meu auxilio,
á sombra das túas ás estou contento;
a ti está unida a miña alma,
a túa dereita é o meu apoio.

SEGUNDA Rm 12, 1-2

Ofrecede os vosos corpos como oblación vivente

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Rógovos, irmáns, pola misericordia de Deus, que ofrezades os vosos corpos coma sacrificio vivo, santo, grato a Deus: coma o voso culto espiritual. E non vos axustedes ao mundo presente. Transformádevos, máis ben, pola renovación da mente, para que poidades coñecer cal é a vontade de Deus: o bo, o que lle agrada, o perfecto.

ALELUIA Cf Ef 1, 17-18:

Que o Pai do noso Señor Xesús Cristo ilumine os ollos do voso corazón para que comprendamos cal é a esperanza da nosa vocación

DOMINGO 22 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 16, 21-27

Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela empezou Xesús a aclararlles aos seus discípulos que tiña que ir a Xerusalén, e que alí o ían facer padecer moito os anciáns, os sumos sacerdotes e os letrados; que o ían executar e que ao terceiro día había resucitar.

Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifar con el, dicindo:

- Deus te libre, Señor; a ti non che pasará nada diso de maneira ningunha.

Pero el, volvéndose, díxolle a Pedro:

- ¡Arreda de min, Satanás! Ti es un tentador para min, porque non te deixas guiar por Deus senón polos homes.

Entón díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, que cargue coa súa cruz e que me siga. Porque quen queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen a perda pola miña causa, poñeraa a salvo. Pois de que lle serve ao home gañar o mundo enteiro se perde a súa vida? E que pode dar un home para recobrar a súa vida? Porque o Fillo do Home ha vir coa gloria de seu Pai entre os anxos; entón pagará a cadaquén conforme á súa conducta.